

GUÍA PARA O ALUMNO

Os oito primeiros apartados da unidade coa que vas a traballar teñen unha estrutura común:

- **Queremos** - nel preséntase unha primeira actividade breve e xa resolta na que poderás observar a montaxe do circuíto electrónico e o código necesario para a programación. Normalmente tamén se ofrece o arquivo en Visualino para que se descargue e se use directamente no programa aínda que recomendamos que cada grupo o faga directamente dado que son moi curtos e simples.

Nas primeiras actividades móstranse pequenos videotutoriais de como encontrar e encaixar os bloques de Visualino.

- **Tócache** – ofrécense varios retos que se deben resolver tendo en conta o que se aprendeu e o que indique o profesor ou profesora. Aínda que ó principio non funcionen ben é importante intentar facelos sen mirar e comprobar logo as pistas.

- **Pista** – neste apartado resólvense case todas as actividades do Tócache (premendo en “Mostrar retroacción”), as veces indícanse tamén os circuítos e ofrécese o arquivo para a descarga. Poden servir para que comprobes se a túa solución é válida e tamén para analizala se non che saíu.

É importante que non deixes nengún apartado sen facer xa que cada un deles introduce algo novo referente á programación e ó uso de Genuino.

O apartado nove propón diferentes proxectos con problemas técnicos que debes resolver, fala co teu profesor ou profesora para escollelo ou propón tí un novo.

Un dos proxectos (barreira para un garaxe) non precisa de moitos compoñentes adicionais e móstrase con diferentes solucións que che permitirán escoller ou sacar ideas para outro proxecto que leves a acabo.